



A segunda
festa do
Asneiro en
Lalín



Páxina III

O grupo
Hotusa
inaugura o
Hotel Eurostars
Pazo de Sober



Páxina VII

As pinturas
muraís de San
Vicente de
Pinol, en
Sober, serán
restauradas



Páxinas XI

Cristina Pato
dirixirá a cátedra
de Cultura
Espanola en
Nova York



Páxina XIII

Medalla de
Ouro da
provincia a
Rodríguez
Míguez



Páxina XIV

Rafa Vilar gaña
o XVI Premio
"Pura e Dora
Vázquez" de
Narración



Páxina XIV



Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte

Páxina XIII

Entrevista



Carlos Meixide, escritor

"A adolescencia enfronta a
vida dunha maneira crúa, por
iso é interesante"

Páxina XV

Seguros
Servizos
ourense
☎ 678 578 161
988 044 834
www.servizosourense.es

CARNICERÍA
MARIVAN
aberto
los domingos
C/Faustino Santalices - esquina
Pablo Picasso - Ourense
TIF. 639 58 04 30

jba
servicios
inmobiliarios
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75
Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 - Ourense

Humor

Por José Paz Rodrigues (Profesor Aposentado da Universidade de Vigo, Académico da AGLP e presidente da ASPGP)

Os nossos brinquedos e jogos tradicionais

A cultura galega, enormemente rica, pelo seu ciclo anual das festas populares, tão só superado pelo da Índia, pela sua arte popular, a sua etnografia, arqueologia e literatura, os seus costumes e a sua formosa lingua, tem também um grande valor no que se refere aos seus jogos tradicionais. Aqueles jogos criados e construídos com grande originalidade pelos nossos antepassados para ocupar de forma positiva o seu tempo livre ou de lazer. Aproveitando especialmente o que em cada estação lhe oferecia a natureza. Jogos como o da bilharda, que ainda hoje em Goa e na Bengala indiana é o mais típico jogo com os nomes, respetivamente, de “goin-dabal” e “danguli”, e que é o jogo galego por antonomásia. O que recebe outros nomes, segundo as comarcas, como por exemplo estornela.

Os jogos da roda, os sancos, a turra-soga ou tração à corda, as argolas, a rã, a chave, que em Ourense se jogou pela primeira vez em Velhe e que lembra a chave dos paços, com a que se jogava escondida entre a palha, atirando-lhe os pesos de prata. Jogos como a viola e viola corrida, a subida ao pau ensebado, os bolos ou bilros, a porca, o pano, o marro, as corridas de sacos, o truque da macaca ou do caracol, o sapo, o ovopico-aranha, os bugalhos ou carrabouxos, que logo foram canicas ou berlindes, o trompo ou pião, o romper as olas, o da farinha ou farelo, a procura dos ninhos, etc. são jogos todos que ainda conservam o espírito lúdico, festivo e harmonioso, e que tanta alegria provocou em galegos e galegas. Jogos que estão, pelo seu valor educativo e psicomotor, por formar jogando e pelo mesmo prazer de jogar sem ter que competir, em contra da nefasta influência que em toda a so-

cidade, e especialmente em jovens e crianças, têm os desportos competitivos como o futebol, o basquetebol e o automobilismo e motociclismo. Nos que os valores positivos que se podem observar são mínimos. Agora que em vez de clubes são sociedades anónimas e as contratações alcançam quantias astronómicas contrárias a qualquer princípio moral.

Desde a Bengala indiana onde de novo me encontro, e estou a redatar



este depoimento, lembro com carinho os trabalhos de pesquisa dos nossos jogos e brinquedos tradicionais por parte de Risco, Ben-Cho-Shei, Joaquim Lourenço, Romaní, Brandím, Bouça-Brei... E em Portugal os de Pires de Lima, Leite de Vasconcelos e de António Cabral de Vila Real, nosso amigo, que infelizmente faleceu há vários anos na sua morada da cidade transmontana. A Cabral considero-o eu como o que mais sabia no mundo sobre o tema, e publicou vários e interessantes livros depois da sua recolha

de jogos realizada no território de Tras-Os-Montes e Alto Douro.

Sinto orgulho de que a ASPGP, associação pedagógica que presido, leva difundindo, na teoria e na prática, os jogos populares galegos, em infinidade de lugares e com muitos tipos de públicos, desde o ano 1980. E organizando

para o que no seu dia redatei eu o projeto de uso e utilização, requisito imprescindível para acadar a ajuda oportuna da Comunidade Europeia, para o seu levantamento e construção.

E agora que me encontro em Bengala, e tenho casa alugada no médio de uma fraga cheia de flores, árvores e animais na localidade tagoreana de Santiniketon (Morada da Paz), disfruto ao ver jogar a muitos rapazes e rapazas com infinidade de jogos tradicionais exatamente iguais aos nossos, dos que a única diferença é o nome que empregam para nomeá-los. Quando tenho tempo fico a jogar com eles, e surpreendem-se de que eu saiba jogar à bilharda, o truque ou macaca, os sancos, o pião ou os bilros. Aos que de criança jogava nos recreios da minha escola da Corna em Pinhor, perto de Cea (Ourense).

Praticar nas nossas escolas todos os nossos jogos populares e tradicionais, fazendo intercâmbios inter-centros e encontros lúdicos, considero que é a melhor maneira para que terminem por ser recuperados. E, como as nossas crianças se encontram agora mesmo desfrutando das férias do verão,

durante vinte anos o seu programa “Ourense Lúdico”, que era posto como exemplo nos congressos sobre o jogo e as ludotecas, tanto nacionais como internacionais. Já em 1981 publicara um suplemento monográfico da revista O Ensino com o título de Os Enredos dos Rapazes. O limiar fora elaborado pelo professor Jurjo Torres e por mim, e Joaquim Lourenço permitira-nos traduzir ao galego o seu estudo da Revista de Diactelologia de Madrid. Embora, lamento muito o abandono do parque de jogos de Velhe, na minha cidade de Ourense,

é esta a melhor época do ano para que, jogando, recuperem os brinquedos e jogos dos nossos antergos e da nossa cultura popular. Sem esquecer o importante que para Galiza é que se organizem encontros de brinquedos e jogos populares com centros de ensino de Portugal, especialmente no território de Minho e Tras-Os-Montes, onde os jogos são os mesmos que os nossos. E algo também poderiam ajudar para a sua recuperação e divulgação os meios de comunicação, nomeadamente a TV.

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Couto Mixto, capital da fronteira

Vai para máis de vinte anos que fun visitar as estremeiras terras da raia seca na baixa Limia. Ali houbo unha entidade territorial con personalidade xurídica de seu que tiña as súas orixes na idade media. Chamábase Couto Mixto. Un protectorado das casas nobiliarias de Bragança e Monterrei, coas mesmas peculiaridades políticas de Andorra. Os seus habitantes gozaban de certos privilexios que no resto da contorna baixo os dominios dos estados español e portugués non tiñan. Unha desas prerrogativas era a democracia directa naquel contexto político de estados absolutistas. Os veciños elixían por sufraxio universal o Xuíz, presidente daquela orixinal república, máxima autoridade gobernativa, por un período de tres anos, asistido polos chamados Homes de Acordo. Gozaba a súa cidadanía de privilexios como o de non prestaren o servizo militar, e outros de carácter económico e fiscal.

O Tratado de Lisboa de 1864, polo que de redifinían as líndes hispano-portuguesa puxo fin a aquel singular

territorio, que foi finiquitado nun acto institucional celebrado en Santiago de Rubiás o 23 de xuño de 1868.

Pois ben, cando visitei por primeira vez aquelas terras, ríspidas e frías, só quedaban algúns veciños idosos que daban conta dos antecedentes históricos polos relatos orais dos seus pais e avós, que xa empezaban a tomar o cariz de lenda. Houbo que reconstruír a historia e diso encargouse Luís M. García Mañá. A súa obra "Couto Mixto. Unha república esquecida", foi o punto de partida para argallarmos o ilusionante empeño de recuperarmos a memoria dun pobo. Para facelo efectivo constituímos a Asociación de Amigos do Couto Mixto. Deseñamos un plan de actuacións que se foron executando que precisión milimétrica. Cos nosos propósito chegamos ata as instancias europeas, congresos de deputados de España e Portugal e Parlamento de Galicia, que xa son coñecedores da existencia dese feito histórico, porque a eles lles diriximos en distintas ocasións propostas para dinamizaren o desenvolvemento territorial que impida a

desertización daquel medio rural cunha axeitada planificación económica.

Sabedores tamén de que a identidade cultural dun pobo precisa arriquecer o seu imaxinario con mitos e ritos, a Asociación de Amigos do Couto Mixto, apelou á sensibilidade de historiadores, etnógrafos, creadores literarios, músicos, axentes da planificación económica, para reconstruíren a identidade esvaída. E abofé que se foron conseguindo tales obxectivos. Os pobos de aquí e alén da raia teñen no Couto Mixto un centro de referencia que conta ademais co apoio dos emigrantes que dun tempo para esta parte amosan o orgullo de pertenza a aquelas terras. Ese foi o efecto positivo do traballo realizado, refrendado pola ampla participación nos actos programados pola Asociación. A isto engándaselle os moitos audiovisuais realizados que contribuíron a espallar esta historia a través das canles de televisión portuguesas e españolas, na prensa internacional e nas redes sociais.

Para estimularmos este traballo colectivo de reconstrución, e demandar dos gobernos medidas de fomento que fagan viable a vida das xentes naquelas terras, a Asociación Amigos celebra

todos os anos o acto público de nomeamento de Xuíces Honorarios para recoñecer a aquelas persoas que salienten polo seu labor a prol do Couto Mixto.

Este ano serán investidos con tales dignidades, o presidente da Cámara Municipal de Melgaço, don Manoel Baptista Calçada Pombal, pola súa activa colaboración co Parque natural A Peneda-Xurés, no que se encadran Concello e o Couto Mixto; dona Mercedes Vázquez Saavedra, etnógrafa e fotógrafa, natural de Sarria e veciña de Pitões das Júnias, con casa aberta e con fume, polo seu meritorio traballo de investigación nos pobos arraianos; e don Xesús A. Díaz Estévez, natural de Lobios, autor da primeira obra que poetiza a historia do Couto Mixto, titulada "A utopía que diluíu o vento".

Todos os tres recibirán os atributos – copia da chave do arcón, bastón de mando e diploma – que os acredita como Xuíces Honorarios. O acto celebrárase o próximo día 6 de xullo, ás 12:00 horas, na igrexa de Santiago de Rubiás.



A segunda festa do Asneiro en Lalín

A xeografía de As Andromenas e Outros Contos, enchense de maxia, de soños e de cor, para acoller os festeiros de todo Galicia. Xa esta aquí, case sen decatarse, chegou a



A festa da edición pasada.

segunda edición, o primeiro ano xuntáronse, nas ribeiras bio saudables do Río Asneiro máis de 300 persoas, este ano aumentase o aforo, para que ninguén se perda esta xornada.

A cita o 14 de xullo na contorna natural biosaudable de Entre Ríos, no lugar de Os Muíños, a cabalo das parroquias de Doade e Vilanova, ambas pertencentes ó Concello de Lalín.

Un día de irmandade entre Ourense e Lalín, onde teran como na primeira edición un protagonismo "os artistas" farase una xuntanza da xente das artes, pintores, escultores, poetas, cantantes, músicos e todos aqueles

amantes das artes.

A festa contará coas actuacións de: Marcos Pardo cantante e compositor ourensán.

Os acordeóns de Vila de Cruces e a actuación de Os Trasnós de Doade.

O xantar de confraternidade, terá un prezo de 20€ para os adultos os nenos maiores de 5 anos 10€ e os nenos menores de 5 anos de balde.

Para asistir hai que reservar praza ata o dez de xullo, nos números 629 80 25 96 ou 672 43 58 91; tamén se podera reservar na oficina de Orixe Publicidade na rúa Francisco de Moure, 20 en Ourense.

As andromenas e outros contos presentouse no Barco de Valdeorras

A publicación "As andromenas e outros contos" presentouse no Barco de Valdeorras contando coa presenza de Avelino Jácome, autor do libro e de Miguel Ángel Martínez Coello, editor e ilustrador da obra.

Este libro consta dunha serie de 32 relatos curtos que contan a través da inocente mirada de dous nenos a historia de dúas familias da Galicia interior; dúas miradas diferentes una máis poética e dramática e outra máis realista e pragmática. Van debullando a súa historia íntima, como unha metáfora das dúas Galicias, por unha banda a emigrante coas súas penurias e os seus triunfos e por outro a que quedou pelexando aquí na máis absoluta miseria.

Expuxéronse a serie de creacións pictóricas realizadas para esta obra, polo xenio creador de Martínez Coello, que consta de 40 reproducións que percorren a historia íntima do século

pasado.

Un percorrido pola intra historia de Galicia recollendo desde os labores do mundo rural: "O Liño", "A malla" ou os oficios, como o segador, o afiador, ata a emigración onde aparecen temas como, "A meniña das maletas" e lúdicos como "a feira".

Un espectáculo visual cheo de arte e emoción que trasladou os asistentes a ese mundo que xa forma parte dos recordos, cargado de soños e añoranzas.

Aurelio Blanco Trincado presentou o acto e convidou á adquisición do libro a un prezo especial de 20 euros como agradecemento ao Instituto de Estudos Valdeorreses polo seu inestimable labor a favor da cultura e tamén a posibilidade de adquirir as reproducións asinadas polo autor nunha serie limitada, creada para esta ocasión, a só 10 euros unidade, dedicadas ademais polo propio artista.

Humor

MARTIRENA



FUCO PRADO



Por Nemésio Barxa

A cidade de Ourense agradecida

Já nolo advertira nosso perspicaz e vaticinador presidente, o inefável Sr. Feijoo: “Pérez Jácome como alcaide será letal para Ourense”; o vaticínio cumpriu-se e o mais triste é que se cumpriu graças aos votos do partido que representa e dirige o Sr. Feijoo; não vale que agora em resposta a Sra. Pontón justifique esta decisión para que não realizen esse pacto supostamente PSOE e BNG, o único evidente é que lle importa mais conservar ou escalar o poder que o bem-estar dos cidadáos (cada vez mais súbditos nesta anacrónica monarquía borbónica), mais incluso que a própria aparición de dignidade sua e de seu partido ante este pacto para um governo que considera letal para Ourense. Resulta triste que para retrucar no Parlamento a dona Ana Pontón tenha que manifestar-se contrario á CE, que no artigo 24.2 institucionaliza a presunção de inocência (por certo reiteradamente invocada polo PP em todos os seus casos de corrupción), também aplicável aos detidos de RG porque na própria CE institucionaliza, artigo 14, que todos os espanhóis (sic) som iguais fronte a lei; torpe e confuso estaba o Sr. Feijoo, e sem argumentos, para não duvidar em mostrar-se como anticonstitucionalista ao responder o perfecto argumentario da Sra. Pontón Mas, para mim, esto último é anecdótico polo reiterado, o que considero ofensivo é que ampare

com seus votos a eleição do Sr. Péres Jácome como alcaide de Ourense quando tinha claro que sería letal para esta cidade.

A campaña de acoso e derrube por parte do Sr. Pérez Jácome contra a que ele chamava “saga tóxica dos Baltar” também rematou; foram anos de teimosia nos que o Sr. Pérez Jácome, incansável, chamou de todo ao Sr. José Manuel Baltar, desde psicopata com gravata, cacique, pequeno Nicolás, fantoche até denuncia-lo no julgado por acoso sexual, malversação, financiación ilegal, etc., todo para sacar essa baltariana saga tóxica e prejudicial para Ourense do governo provincial, segundo afirmava; neste caso não deram resultado todos os esforços realizados polo Sr. Jácome durante tantos anos, trabalhos e esforço perdidos, pois o Sr. Baltar fillo renova ao fronte da Deputación provincial. O fodido é que consegue revalidar sua presidencia com o apoio do Sr. Jácome e seus concelleiros eleitos de Democracia Ourensana (desculpem-me a licença de “fodidos”, debería dizer mais bem “jodidos”, é que agora teremos que adequar nossa linguagem á que utiliza o novo alcaide Sr. Jácome).

Todo um exemplo da coerência, ordem e fiabilidade que nos podem ofrecer os políticos que votamos para que governem (neste caso) nossa cidade e provincia. O Sr. Jácome, azote da saga baltar, tóxica, caciquil, fanto-

che, psicopata, acoosador sexual. que se financiou ilegalmente e malversou fondos municipais, de imprescindible exclusão do governo na provincia... pacta com José Manuel Baltar e assegura-lhe a continuidade ao fronte da Deputación porque “el pacto con Baltar se firmó al ser el único dispuesto a darme la alcaldía”(sic, pois o novo alcaide é muito de castelhana), justifica com todo o morro o Sr. Pérez Jácome. Que ainda acrescenta que para conseguir a alcaldía pactaría com o dianho .Outro do mesmo nivel, que para seu logro pessoal não duvida em apoiar que continue ao fronte da institución provincial, que afeta a todos os ourensanos, um “psicopata” e tudo isso que ele lle chama.

Imos ter como alcaide ao Sr. Pérez Jácome, uma pessoa letal para Ourense, como afirmou o Sr. Feijoo (chefe político do Sr. Baltar fillo); e como Presidente da Deputación ao Sr. Baltar, um psicopata com gravata, etc. segundo o tem qualificado o Sr. Pérez Jácome; reciprocamente um com a ajuda do outro e ás avessas.

Penso que o mínimo que se pode exigir aos políticos, especialmente se chegam a responsabilidades de governo, é dignidade, dignidade da que carecem o Sr. Pérez Jácome e o Sr. Manuel Baltar, muito mais exigível, e da que igualmente carece, ao “nosso” presidente Sr. Feijoo. Dignidade que tam pouco em absoluto evidenciou o anterior alcaide de Ourense, Sr. Jesus Vázquez, que aturou durante quatro anos continuos insultos e desqualificações por parte do Sr. Jácome, tanto nos

Plenos como na sua emissora de TV e nas suas manifestações públicas, a pesar do que prestou-se a outorgar-lhe seu voto

favorável para faze-lo alcaide, para que ocupasse seu cadeirão, e tudo a cambio de ser premiado com um posto no Senado, e incluso pretende conservar sua acta de concelleiro, suponho que para continuar lacerándose com a veracidade de seu sucessor, porque há muitos que gostam de que lle dem.

Todos som conscientes de que o cambio de cromos é a pior opción para esta cidade (mais que em declive, em queda livre desde há vários anos), mas o que prima para todos eles é o ego pessoal, pouco lhes importa a cidadania ou a recuperación de uma cidade com enormes potencialidades, que poderiam ser adequadamente aproveitadas e gerenciadas; o que importa é o “saca-te ti que me ponho eu”.

Que vos vou dizer do indizível Sr. Feijoo, que no ato de Entrega dos Prêmios da D.O. Ribeiro alardeava de todo o que havia feito e ainda tinha por fazer por esta nossa terra, deixando de costado o empobrecimento que significou, para um enriquecimento enorme de pessoas alheias incluso ao país, a falência programada desde seu governo das Caixas de Aforros.

Valha-nos Deus, ou incluso o diabo com quem não duvidava pactuar o Sr. Jácome..

Quinta do Limoeiro, junho do 2.019



MARTIRENA



Opinión

Por Avelino Jácome

0 rei das artistadas

Pendurado do ceo aquel fío, abaneando queimaba no chan os fentos e as ortigas, como se a lingua do demo pacera no Pontón da Pena, un círculo de morte negra fumegaba con un chiscar xordo que facía doer os oídos.

Aquela mañá de xeadas, da xeadas de Ribas do Asneiro que fai da lama cadullos duros coma croios, espetando as pedras do camiño no fondo das rodeiras dos carros, mentres viste de cristal as fochancas das pisadas das vacas que encheu a choiva de onte.

Estarricado no camiño onde comeza o prado de Mouriscade, espeitolado, coa camisa branca e a chaqueta negra rachada nunha manga, os ollos abertos mirando sen ver os cables da Alta que lle soltaron a couce asasina cando acertou, coa lazada do alambre que botou dun cabo con unha man sen soltalo outro, para non fallar naquela xogada macabra na que cismara moitas veces, pero que atrasaba agardando se cadra unha pinga de felicidade que o fixera mudar de idea; escolleu o cableado da vía do tren porque están preto os cables, así o tempo é curto e a morte urxente, case que non sentida da presa que se da.

Un xeito limpo, unha artistada mais do rei das artistadas, que ben pode roubarlle un capón ao cura, ou unhas perdices da granxa do I.C.O.N.A.; ou de noite co tractor cazar uns coellos para convidar aos amigos a unhas paparotas na taberna de Alicia do Cruceiro ou na de Alfonso na Xesta; con esa mirada de neno traste que ve só por un ollo pois o outro é de cristal duro.

O “rictus” da morte debuxa un sorriso na faciana mazada e denegrida por a forza da electricidade, o derradeiro aceno ao mundo que non entende. Criou unha codia por fora para agochar a fragilidade de dentro, como os cristais de xeo duros mentres non dan as primeiras raiadas do sol que os derrete, a súa alma esta chea de doces sentimentos que non soubo partillar con ninguén, un xordo veneno que lle foi roendo os miolos, como as ratas rillaron a pomba que morreu na congostra do Penedo, ata que deixaron só un feixe de plumas cheas de lama, mentres aferra con rabia o desengano e as mágoas, suxeitando na súa man o frío fío por onde lle chega a morte, se cadra buscando a paz.

Eu fico un anaco, non sei canto, alí, mirando nel como hipnotizado,

reparo no pantalón de pana furado no xeonllo da perna dereita e no pé descalzo, fáltalle un zapato; estarricado paréceme mais grande aínda, un xigante derribado; percórreme un calafío polo lombo ao pensar que estou alí eu só con un morto e entón volvendo en min boto a correr cara a Fonte do Baño pola congostra abaixo sen mirar onde piso, a lama salpícame o lombo ata a testa, pero nin me decato, sen parar paso por onde a casa do Castrelo, A de Teresa, e A Braña, subo polo carreiro da Fonte de Abaixo, chamado por o pai, antes de chegar á cima, xo vexo saír coa picaña na man da corte de Abaixo dicindo: - Que pasou chiquito?

Ampeando repítolle: -está morto! está morto!- e bótome a chorar, anícase como fai cando estou triste e séntase na pedra debaixo da figueira, colléndome no colo vaime aloumiñando e calmando, pouco a pouco cóntolle todo, vexo como vai mudando a faciana: os ollos húmidos, os dentes apertados, cando xa me ve un pouco máis tranquilo lévame para cociña, -estás conxelado- dime mentres nos achegamos á lareira, colle as miñas manciñas entre as súas para que se me vaian quentando

Dalí a un anaquiño díxome: -Chiquito, hai que llo contar aos veciños para que o vaian a ver e avisen a

Garda Civil que nestes casos ten que vir o xuíz para levantar o cadáver e máis quitar o cable non vaia haber outra desgraza, aínda bo foi que ti non lle tocaches, grazas a Deus que tes un anxiño que te coida, póseme o corpo mal de pensar o que che podía pasar.

Entón, véuseme unha cousa que dixo o cura á cabeza e pregunteille:

-Aínda por riba non vai ao ceo por matarse?

-Non lles fagas moito caso aos curas que eles din o que lles ensinaron, quen sabe se no último suspiro se arrepentiu e xa Deus lle perdoou e vai para o ceo dereitiño, por certo, ben boa persoa que era. Agora vouche preparar o almuerzo e imos xogar os dous toda mañá, facemos un carriño de remolacha dos que che gustan e máis cocemos a caldeirada para a Cachorra que esta parida e hai que coidala para que dea ben leite para o becerriño e para ti, e despois facemos o xantar e unhas filloas das que te chupas os dedos-. Mentres ía dicindo isto, pasábame a man pola cariña como facía sempre e eu pensei: que sorte a miña, ter un pai que me quere tanto!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - João Martinho - **MADRID:** Juan Louzán - **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal - **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

O grupo Hotusa inaugura o Hotel Eurostars Pazo de Sober

O presidente do grupo Hotusa, Amancio López Seijas, inaugurou o Hotel Eurostars Pazo de Sober. Ao acto asistiron a directora de Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro; o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián; o presidente do consello regulador da denominación Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, e a deputada autonómica soberina Raquel Arias.

O chantadino López Seijas declarou que “como empresario hostaleiro e como galego sinto un auténtico orgullo e privilexio” por recuperar “este establecemento cargado de historia e situado nunha privilexiada contorna”. Sinalou que o seu grupo seguirá traballando para consolidar a súa presenza en Galicia, onde tamén xestiona o Gran Hotel Lugo, o Gran Hotel A Toja e o hotel do antigo mosteiro de San Clodio de Leiro (Ourense). O remozado hotel -agora con categoría de catro estrelas- dispón de 43 habitacións, un pavillón de banquetes, un spa e unha pis-



O hotel de luxo de Sober inicia a súa nova etapa co grupo Hotusa.

cina exterior. A fin de acondicionalo para o seu novo uso tras o longo período de inactividade, segundo indican desde o grupo Hotusa, revisouse a cuberta do edificio e impermeabilizáronse as zonas que presentaban filtracións de auga. Así mesmo, realizáronse diversas correccións nos sistemas de fontanería, subministración de gas, electricidade e protección contra incendios, así como nas instalacións térmicas e as do spa e a piscina. No in-

terior do hotel levaron a cabo adaptacións do mobiliario e a decoración. Os traballos de acondicionamento levaron tamén a cabo nos xardíns, onde se plantaron castaños e loureiros, camelias, hortensias, rododendros e azaleas, xunto con outras máis exóticas.

O hotel conta cun restaurante cuxa oferta se baseará en produtos autóctonos -segundo os responsables do establecemento- e aspirará a converterse nun referente no

ámbito da restauración na Ribeira Sacra. Coa reapertura do hotel preténdese por unha banda potenciar a oferta turística da Ribeira Sacra e contribuír a atraer visitantes a este territorio. Para iso compaxinarase a oferta con diversos atractivos locais, como os roteiros de catamarán e as visitas a adegas da denominación Ribeira Sacra, e tamén se ofrecerán paquetes turísticos en combinación cos demais hoteis que Hotusa posúe en Galicia.

Os novos responsables do hotel esperan que o establecemento, ademais de albergar congresos e encontros de empresas, convértase nun recurso interesante para os veciños do territorio á hora de organizar vodas e outras celebracións privadas. Os responsables esperan axudar a reforzar o auxe do turismo na Ribeira Sacra.

Amancio López Seijas manifestou o seu interese en que o establecemento funcione non só como un negocio senón tamén como un centro de formación para profesionais do sector. Con este fin, ofrecerase

á escola de hostalería que xestiona na parroquia de Rosende a Fundación Belarmino Fernández Iglesias a posibilidade de que os seus alumnos realicen prácticas nel, e tamén a de empregalos noutros establecementos do grupo Hotusa. “Isto é algo que xa estamos a facer noutros lugares e posiblemente será un elemento crave no funcionamento do hotel”.

Manter o establecemento aberto durante todo o ano, apuntou “é complicado porque aquí non hai moita actividade no inverno aínda que aquí as tempadas son máis curtas que noutros lugares”, os períodos de actividade poden dar un bo rendemento se manteñen uns altos estándares de calidade. O empresario chantadino apuntou ademais que sacar adiante o hotel “é unha responsabilidade e un reto e que aínda que iso non resulte fácil, pode axudar a consolidar a Ribeira Sacra como unha alternativa ao turismo masivo” xunto cos paradores de Monforte e Santo Estevo de Ribas de Sil.

Alumnos de Chantada participan no primeiro encontro de Referentes Galegas

O IES Lamas das Quendas, de Chantada, celebrou o primeiro dos 14 encontros enmarcados na programación Referentes Galegas nas Aulas, no que participaron preto de 50 alumnos. Esta iniciativa, posta en marcha pola Asociación de Executivas de Galicia e en colaboración coa Deputación, achega a alumnos de 15 a 18 anos encontros con mulleres referentes en diferentes eidos profesionais.

A deputada de Cultura en funcións García Porto destacou que “iniciamos esta andadura

co primeiro destes encontros no que contamos con dúas mulleres referentes nos seus campos profesionais, a catedrática de Microbioloxía da USC, Alicia Estévez Toranzo, e a Directora da Escola da Paisaxe, Juana de la Vega, Isabel Aguirre de Úrcola. Esta programación é unha boa oportunidade para achegar, ás novas xeracións, as experiencias de mulleres referentes. Ademais, os alumnos, que en pouco tempo empezarán a tomar decisións cara onde dirixir o seu futuro, poden descubrir ámbitos de éxito, onde as

mulleres están presentes”.

A programación Referentes Galegas nas Aulas, retomarase no vindeiro mes de setembro, co inicio do novo curso escolar. Serán 14 encontros nos que preto de 700 mozos de 4º de la ESO, 1º de Bacharelato e Formación Profesional nos que os alumnos interactuarán coas poñentes e realizaranse nas seguintes zonas da provincia: Terra Chá; Guitiriz; Castro de Rei; A Mariña; Terra de Lemos; Chantada; A Ulloa; Sarria; Becerreá; A Fonsagrada e Lugo.

Esta programación enmár-



Asociación de Executivas de Galicia con alumnos de Chantada.

case dentro do proxecto, posto en marcha por esta asociación, Referentes Galegas, que inclúe un amplo directorio de mulleres que pola súa traxectoria e valía, poden ser modelos a seguir.

A Asociación de Executivas

de Galicia está formada por mulleres profesionais do sector executivo e directivo, tanto público como privado que crearon un espazo colectivo e de apoio que da a coñecer e impulsa o empoderamento feminino como motor de futuro.



FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA 2019 de MONFORTE



ACTUACIÓNS MUSICAIS

VENRES 05 DE XULLO

**NOVA GALEGA DE DANZA
HABELAS HAINAS**

SÁBADO 06 DE XULLO

THE TETA'S VAN

OBRADOIROS INFANTÍS
ARTESANÍA
GASTRONOMÍA
RUTAS TURÍSTICAS



PARTICIPACIÓN DE 25 ADEGAS

Organiza



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Colabora



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

5, 6 E 7 DE XULLO

Paseo do Malecón • MONFORTE DE LEMOS

Ven a Monforte, vive o viño, disfruta da Ribeira Sacra

Programa oficial do Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte

Os días 5, 6 e 7 de xullo, Monforte acollerá a celebración do “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte”. Unha proposta diferente cun amplo programa de actividades que viran en torno ao viño, o auténtico protagonista do festival. José Tomé Roca, alcalde de Monforte presentou o programa oficial do Festival, que se condensa nun tríptico informativo no que se detallan todas as actividades en torno ó festival, así como as adegas participantes.

Neste senso, cabe destacar, na edición deste ano, a participación de 25 adegas da D.O. Ribeira Sacra. Todas estas adegas ofrecerán ó visitante a posibilidade de degustar e gozar dunha ampla variedade de viños que non deixarán indiferente a ninguén, nunha contorna natural, tranquila e confortable á beira do Río Cabe.

Moito máis que viño

O “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte” é un evento destinado a público de todas as idades, onde poder descubrir e sentir a Ribeira Sacra a través da súa paisaxe, gastronomía, tradición ou talleres de olería de Gundivós, un oficio centenario en perigo

de extinción. O 5, 6 e 7 de xullo os viños da D.O. Ribeira Sacra serán os auténticos protagonistas xa que eles son o verdadeiro vehículo capaz de unir historia, tradición e cultura e na que o visitante vivirá unha experiencia inesquecible. As ViñoRutas, permitirannos viaxar ó lugar de orixe onde contemplar o nacemento do froito e descubrir os encantos dos ríos que bañan as ladeiras. Unha experiencia única para sentir a vertixe da nosa “viticultura heroica”. Chegada a noite, a Praza de España acollerá tres actuacións musicais na madrugada dos días 5 e 6 de xullo. Excelente escenario para mostrar o talento dos grupos de músicos e músicas de Galicia, con propostas que van desde a danza tradicional contemporánea ata o rock, pop ou folk.

Participantes

As 25 Adegas participantes nesta 3ª edición do Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte son: Algueira, Peza do Rei, Ponte da Boga, Abadía da Cova, Alma das Donas, Lucenza, Atrium Vitis, Rectoral de Amandi, Petrón, Don Bernardino, Adega Vella, Condado de Sequeiras, Instinto Romano, Pilares de Belesar, Rectoral de

Gundivós, Guímaro, Viña Vella, Tolo do Xisto Malcavada, Tear, Coronin, Ciudadseis, Regina Viarum, Finca Millara e Vía Romana.

Ademais, abríranse 5 stands de gastronomía con produtos da comarca: Queixo de cabra SCG, queixo negro Buleri, Casa Neiras. Alimentación tradicional e Xamóns D. Francisco, pertencente á Asociación Nacional Cortadores de Xamón. E tamén establecementos asociados á asociación “E para comer... Lugo”. Serán tres os establecementos de restauración de Monforte que participarán: Tapería Centro do Viño, Garden Jungle Bar e Restaurante MC. A Artesanía estará presente a través de catro casetas: Alfarrería Elías González. Reitoral de Gundivós, Olería Tradicional da Ribeira Sacra, Figulus”. Contos, Artesanía e Cerámica e Tenda en Lá. Artesanía.

Actuacións musicais na Praza de España: Venres 05 de Xullo: 23:00 h. “Nova Galega de Danza”, grupo que fusiona en vivo danza e música de raíz galega, tradición e vangarda con vocación universal. 00:30 h.- Grupo musical “Habelas Hainas”: son 4 mulleres cunha ampla traxectoria musical propoñennos música de raíz galega cun son



Rolda de prensa para a presentación do programa oficial.

enérxico, fresco e orixinal. Sábado 06 de Xullo: 23:30 h. “The Teta’s Van”. Revolución en feminino. Artistas e malabaristas, profesores, estudantes, nais, irmás, tías e amigas que buscan a diversión e a felicidade a través das notas e da nosa lingua galega.

Obradoiros infantís

Para os máis pequenos terán lugar cinco obradoiros: 2 obradoiros de contacontos, con Anxo Moure e Brais Moure; 2 obradoiros a cargo de Velaisca Animación e 1 obradoiro de Olería Tradicional da Ribeira Sacra a cargo de Figulus. Olería de Gundivós. Celebraránse no

Paseo do Malecón e os seus horarios son os seguintes: Sábado 06 de Xullo: 12:00 a 14:00 h.- “Olería Tradicional da Ribeira Sacra – Figulus”. 18:00 a 19:00 h.- “Velaisca Animación”. Desenvolverán o obradoiro “Descórchate” no que se empregarán materiais relacionados co mundo do viño como é a cortiza. 19:00 a 20:00 h. Taller Tradicional de Contacontos a cargo de Anxo Moure. Domingo 07 de Xullo: 12:00 a 13:00 h. Taller Tradicional de Contacontos a cargo de Brais Moure. 13:00 a 14:00 h. “Velaisca Animación”. Neste caso, desenvolverán un obra-

Continúa na páxina seguinte...



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



....Ven da páxina anterior

doiro sensorial baixo o título “Os Sentidos da Ribeira Sacra”, no que os rapaces e rapazas que participen conectarán cos aromas da Ribeira Sacra e das nosas uvas.

Programa oficial

Venres 05 de Xullo 18:00 h. Apertura dos stands. 18:30 h. Acto de inauguración do “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2019”. 23:00 h. Actuación de “Nova Galega de Danza”. 00:30 h. Concerto de “Habelas Hainas” Sábado 06 de Xullo 11:30 h. Apertura dos stands. 12:00 a 14:00 h. Obradoiro de Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus. 18:00 a 19:00 h. Taller Velaisca Animación. “Descórchate”. 19:00 a 20:00 h. Taller Tradicional. Contacontos. Anxo Moure. 23:30 h. Concerto “The Teta’s Van”. Domingo 07 de Xullo 11:30 h. Apertura dos stands. 12:00 a 13:00 h.- Taller Tradicional. Contacontos. Braís Moure. 13:00 a 14:00h. Velaisca Animación. Taller Sensorial. “Os Sentidos da Ribeira Sacra”. 14:00 h peche do “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2019.”

VinoRutas

Ideadas para desenvolver dentro do Festival do Viño, o Concello presenta cinco rutas para esta edición: 2 rutas polo

río Miño, 2 rutas polo río Sil e 1 ruta por Monforte de Lemos, capital da Ribeira Sacra. Nelas combínanse as visitas a adegas xunto cos mosteiros románicos, miradoiros sobre o Canón do Sil e o río Miño, rutas fluviais, artesanía e por suposto monumentos emblemáticos da cidade de Monforte de Lemos así como a historia, lenda e tradicións da Ribeira Sacra.

En concreto os horarios das VinoRutas son os seguintes: Venres día 5 de xullo. VinoRuta do río Miño: “De Río e de Pedra”. As 9:30 h comezará a viaxe dende Monforte para visitar a Igrexa Románica de San Paio de Diomondi, un dos exemplos máis representativos do esplendor da arte románica compostelá. Posteriormente, realizarase unha interesante ruta, “Os Codos de Belesar”, un percorrido de gran valor paisaxístico que define perfectamente o que é a Ribeira Sacra: “Románico, viñedos e adegas”. As 11:30 h. Navegando polo Río Miño. As 13:30 visita á Adega Pilares de Belesar e ó rematar volta ó Paseo do Malecón, epicentro do Festival do Viño. VinoRuta do río Sil. “De Viño e de Tradición”. As 16:30 h. comezaremos a viaxe para coñecer un oficio centenario como é a Olería

tradicional de Gundivós. Ó rematar, visita ás adegas Ponte da Boga e Adega Vella, na Abeleda e Castro Caldelas, para disfrutar dunha cata comentada e visitar os viñedos rematando a ruta no Miradoiro de Souto-chao, parroquia de Doade, antes de voltar ó Paseo do Malecón. VinoRuta Monforte de Lemos. “Unha Historia en Pedra”. As 09:30 visita ó Conxunto Monumental e defensivo de San Vicente do Pino reconstruído no S. XV. A continuación percorrido a vella poboación intramuros, un espazo cheo de misterio no que habitaban os xudeos na Idade Media. Continua coa visita ó museo do “Centro do Viño da Ribeira Sacra” para realizar unha cata comentada. Os visitantes coñecerán a historia das casas señoriais e a ponte medieval e visitarán o Colexio de Nosa Sra. da Antiga, o legado máis valioso deixado pola Compañía de Xesús en Galicia. A continuación un paseo en barca tradicional polo Río Cabe poñerá fin a esta ruta.

Sábado día 6 de xullo: VinoRuta do Miño. “Camiñando entre Viñas”. As 9:30h comeza o camiño con destino ó “Cabo do Mundo”, un fermoso meandro do Río Miño, no que visitaremos os viñedos da adega



“Abadía da Cova” e realizaremos unha cata comentada. A continuación desprazamento ó Pazo de Arxeriz, no Saviñao, e visita a Igrexa románica de S. Miguel de Eiré. Para rematar, coñecerán a historia da adega máis antiga de Galiza fundada no ano 1692, Casa Moreiras, e regreso ó Paseo do Malecón. VinoRuta do Sil. “Sentindo Ribeira Sacra”. As 16:30 achegaranse á parroquia de Doade para visitar a Adega Algueira, un escenario de tranquilidade e calma. Continuarán a ruta ata deterse nun miradoiro que desafia a gravidade sobre o Río Sil. Unha vez que cheguemos ó embarcadorio, disfrutarán navegando polo Canón do Sil e finalmente regreso ó Paseo do Malecón para percorrer o “Festival do Viño da Ri-

beira Sacra de Monforte”.

O alcalde, José Tomé Roca, tivo “un agradecemento especial ás adegas que van estar presentes no Festival, polo seu compromiso coa difusión e coa promoción do noso viño e do noso entorno natural, igualando o número de participantes que se deron na pasada edición con 25 adegas, xa que na primeira edición estiveran presente 20 adegas.” Do mesmo xeito, resaltou que “previsiblemente, e con todas as cautelas, o tempo vains acompañar, que xunto coa difusión que vimos facendo, estamos convencidos de que vai ser un excelente Festival, para promocionar o viño da Ribeira Sacra, promocionar a propia Ribeira Sacra e tamén promocionar a Monforte”.

Artelemos celebrarse en agosto

O Concello de Monforte acaba de aprobar as bases de participación na 21ª Mostra de artesanía Artelemos que vaise celebrar os días 3, 4, 5, 6 e 7 de agosto. Desta volta haberá un total de 25 casetas; unha delas estará adicada á celebración de obradoiros e información da mostra, e os outros 24 postos restantes serán para a exposición e a venda de produtos artesanais. Deste xeito, o público que se achegue poderá adquirir pro-

ductos moi variados e de diferentes disciplinas artísticas. Haberá orfebrería, cestería, coiro, lá, olería de Gundivós e cerámica. Outro dos atractivos de Artelemos é que vai ser posible ver en vivo a elaboración das pezas que os propios artesáns realizarán. Do mesmo xeito, os máis pequenos da casa van poder participar en diferentes obradoiros. Os postos abrirán de 11:00 a 14:00 horas e tamén en quenda de tarde, de 18:00 a 22:00 horas.

Casetas

Cada un dos artesáns terá a súa caseta con tarima, iluminación e rotulación promocional propia. Cómpre destacar que durante a noite haberá vixilancia ata a hora de apertura. Co obxectivo de darlle máis dinamismo á mostra, haberá pasillos entre as jaimas agrupadas cada 3-4 artesáns. Nesas espazos vanse colocar unhas sombrillas triangulares para facilitar o tránsito peonil ó longo da rúa Cardenal. O vontade do Concello é apostar



Edición anterior de Artelemos na rúa Cardenal.

polo aproveitamento dos recursos do territorio, neste caso os artesáns que, coa súa labor do feito a man, enriquecen e

dan un valor moi fermoso e engadido á nosa cultura e tradición dentro da promoción turística da Ribeira Sacra.

As pinturas murais de San Vicente de Pinol, en Sober, serán restauradas

A Consellería de Cultura e Turismo publicou na plataforma pública de Contratos de Galicia a licitación do contrato de restauración das pinturas murais da nave principal da igrexa de San Vicente de Pinol, en Sober, cun orzamento de 137.000 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, destacou a importancia desta actuación que servirá para recuperar un conxunto pictórico de gran valor histórico e artístico que permanecía na súa maior parte oculto cuberto pola cal.

Os traballos realizaranse nos muros norte e sur da nave e o arco triunfal que une a ambos. Hai áreas nas que se fixeron catas polas que asoman os elementos iconográficos ademais de zonas desencaladas que tamén precisan dunha restauración. O estilo das iconografías sitúase como obra de principios do século XVI, á maneira hispano-famenca.

Neste sentido, entre os danos principais que é necesario reparar figuran o encalado de toda a superficie e os desencalados parciais que produciron perda de policromía; isto sucede sobre todo nas catro es-



Igrexa parroquial de Pinol, en Sober.

cenas localizadas baixo o coro. Aprécianse grandes oquedades entre o morteiro e o muro en todo o paramento -en especial no enlucido na zona inferior do coro- así como colonizacións biolóxicas e manchas de escrementos.

A Consellería de Cultura investiu o pasado ano 154.000 euros na primeira fase de obras nesta igrexa, consistente en reparar danos na cuberta, os paramentos e outros elementos estruturais, actuación imprescindible para poder acometer agora a recuperación das pinturas. Corrixíuse a entrada de humidades -pola cuberta, paramentos e o chan-, mellorouse a instalación eléctrica, e res-

tauráronse a portada, o rosetón, a escaleira de acceso á espadana, e as carpinterías e ferraxería.

A igrexa parroquial de San Vicente de Pinol está protexida polo seu valor cultural ao estar incluída no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. É de estilo románico de comezos do século XIII, estruturada mediante unha planta de cruz latina e ábsida rectangular cuberta por unha bóveda de canón, e cunha cuberta de madeira a dúas augas sobre a nave. Hai dous engadidos posteriores á estrutura inicial da igrexa: a sancristía situada no lateral norte da ábsida e outro habitáculo no sur da ábsida.

Portas abertas na Ribeira Sacra



Visitantes na Rectoral de Gundivós, centro oleiro de Sober.

A visita guiada ao centro oleiro Rectoral de Gundivós, en Sober, é unha das das actividades incluídas nas VIII Xornadas de Portas Abertas da Ruta dos Viños da Ribeira Sacra. A actividade consistiu nun percorrido polas diferentes estancias da Rectoral: á adega museo, á cociña e ao pombal. Tamén se celebrou a actividade “A arte de crear” que consiste na selección e preparado do barro para torneado, manexo do torno baixo e elaboración en vivo de pezas con técnicas milenarias. Tamén houbo unha mostra de empegado na que se aplican resinas naturais. Todo isto realízase ao mesmo tempo que se degustan unha selección de viños Rectoral de Gundivós e produtos típicos da Ribeira Sacra.

Estas xornadas ofrecen unha serie de actividades que as fan moi atractivas para os visitantes. Así a Ruta do Viño da Ribeira Sacra ademais da actividade da Rectoral de Gundivós propón unha ampla e variada oferta: visita ao Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra, en Monforte; a ruta do Románico, en Pantón; visita ao Ecomuseo de Arxeriz, no Saviñao; cata comentada e picoteo no restaurante A Faragulla, de Chantada; túnel do Viño, gincana infantil “En busca de Dona Mencía”; ruta entre “Sendeiros do Sil”; ruta “Somérxete no Miño”, e visita ao museo etnográfico de Quiroga. O programa conta con servizo de transporte (o bus do viño), con guía especializado na Ribeira Sacra. Con saídas desde Monforte de Lemos, Ourense e de Lugo.

Nenos enfermos co persoal de emerxencias

A Asociación Sonrisas en colaboración co proxecto de Humanización do Hospital Lucus Augusti (Hula) organizou unha actividade dirixida de xeito especial a un grupo de nenas e nenos ingresados no centro, así como da escola infantil e do colexio máis próximo. Comezou cunha exhibición de medios a cargo de persoal da

Axencia Galega de Emerxencias (Axega), xentes Forestais e Medio Ambientais e integrantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A visita rematou coa entrega de agasallos para a rapazada participante e diverso material educativo e coa posibilidade de que nenas, nenos e as súas familias se relacionaran co persoal de emerxencias e co-

ñeceran máis de preto os vehículos que empregan na súa actividade diaria.

A asociación Sonrisas, con este tipo de actos, busca proporcionar alegría e benestar aos nenos que se atopan enfermos para facer esta situación máis doada de soportar. Nese senso o delegado da Xunta gabou a colaboración de todos os participantes nes-



ta iniciativa solidaria, “que de imaxinación, sorpresa e encheu o centro hospitalario felicidade”.

Limpeza de ríos na provincia

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil continúa os traballos de limpeza de ríos na provincia de Ourense cun investimento de máis de 765.900€. Está a traballarse no río Arnoia, concellos de Arnoia e Cartelle; no regacho de Piñeira, en Castro Caldelas; rego de Albán en Coles e no río Miño ao seu paso pola capital ourensá. Da inspección previa ás zonas de actuación detectouse abundante vexetación arbórea e arbustiva e un importante número de árbores con risco de caída sobre os leitos. Para solucionar esta problemática xeral, está a traballarse na

roza selectiva de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns en infraestruturas de paso. Estes traballos son executados por dúas brigadas compostas por catro operarios especializados cada unha.

Ro Miño

O tramo de actuación está situado no paseo fluvial do Miño, entre a ponte do Milenio e o viaduto que cruza o río, e ten por obxecto a póda das ramas que crecen cara á estrada N-120, a retirada de árbores secas, con risco de caída ao paseo peonil, a eliminación de especies invasoras e a reti-

rada na zona de Dominio Público Hidráulico (DPH) dos residuos sólidos urbanos.

Esta actuacións están situadas nas proximidades de elementos con afección a Patrimonio histórico e cultural - Camiño de Santiago e Puente Romano- polo que os traballos están a ser moi restritivos e limítanse á retirada de pés mortos atendendo á Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortiguación. Os restos



Río Miño coa estrada N-120 á esquerda.

vexetais son retirados da zona e transpórtanse ao xestor autorizado; no caso dos alisos, aplícanse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*.

“O prazo de execución esténdese ata o segundo semestre de 2020, aínda que se está

valorando un reforzo para a execución de actuacións de mellora da capacidade de desaugadoiro dos ríos co ánimo de evitar #ante en momentos de intenso caudal, inundacións e avenidas que puidesen afectar as persoas e os seus bens” matizou José Quiroga, presidente da CHMS.

O Carballiño dedícalle a Asturias a Festa do Polbo 2019

O Concello do Carballiño tomou o acordo de dedicar a próxima edición da Festa do Polbo, que é a 57 e que se celebrará o domingo 11 de agosto, a Asturias. Esta decisión obedece principalmente a que a comunidade asturiana, ademais de estar fortemente unida a Galicia por lazos históricos e de vecindade, e de contar con moitos emigrantes galegos, nunca foi homenaxeada nesta festa. E por outra parte, a que nos últimos anos foise acrecentando considerablemente o número de asturianos que acuden á Festa do Polbo, especialmente da cidade de Xixón. De feito, desde hai tres anos promociónanse viaxes en autocar desde Xixón ao Carballiño para asistir á Festa do Pulpo, e incluso na edición do 2017 acudiu ao parque municipal carballiñés a Banda de Gaitas de Xixón, que ofreceu un pasarrúas e unha actuación durante a Festa do Polbo dese ano.

Neste intre, estase xestio-



Tapa xigante de polbo.

nando a posibilidade de realizar unha presentación da 57 Festa do Polbo na cidade de Xixón a comezos do mes de xullo. Por outra parte, tamén se está a deseñar o cartel da festa deste ano, e cuxa realización voltou a encargárselle á artista plástica carballiñesa Ari Quintas, autora do cartel da pasada edición, dedicada ao Centro do Carballiño en Bos Aires, e que tivo moito éxito.

As dedicatorias da Festa do Polbo comezaron no ano 1987, cando se lle dedicou aos emigrantes galegos na Arxentina, e desde entón foise

homenaxeando a distintos países, cidades e vilas, así como colectivos vencellados coa Festa do Polbo. En nove ocasións os receptores da dedicatoria foron os países e cidades de Latinoamérica con maior presenza de emigrantes do Carballiño e Galicia. En tres edicións dedicóuselle a festa a comunidades españolas (Euskadi, Madrid e Cataluña), e esta de Asturias será a cuarta. En canto a cidades e vilas galegas, a Festa do Polbo dedicóuselle a Marín, Lugo, Pontevedra, Camariñas, Santiago, Ourense, Vigo e A Coruña.

O Clúster de Turismo Rural de Asturias visitou a Ribeira Sacra

Un grupo de empresarios e técnicos do Clúster de Turismo Rural de Asturias (Dirección General de Turismo Rural del Principado de Asturias) visitaron a Ribeira Sacra. A súa estada durante xor-



Sandra Seara, primeira pola esquerda, cos membros do Clúster asturiano.

nada e media tiña como obxectivo coñecer cómo se artella a oferta das adegas de cara ao turista e cales son os produtos enoturísticos que se teñen promocionados dende o sector público e privado. Trátase de recabar modelos e experiencias que podan extrapolar ao sector da sidra e dos seus lagares, a partires dun xeodestino que eles consideran un modelo a seguir. Contrario ao que puidese parecer, non existe unha actividade turística programada e extendida no que a sidra se refire. Únicamente sete lagares reciben visitantes, dos que unicamente tres o fan de xeito habitual.

A colaboración de Ribeira

Sacra con Asturias non remata aquí, segundo Sandra Seara xerente do Consorcio de Turismo. “O Consorcio seguirá en contacto co clúster asturiano para completar as solicitudes que nos trasladaban”.

Os visitantes asturianos recolleron tamén información sobre iniciativas turísticas non relacionadas co viño que ben poderían promover na rexión veciña polas similitudes en determinados aspectos, especialmente nos espazos naturais. “Espertou entre eles especial curiosidade a actividade do escape ao aire libre e non descartan poñer en marcha algo semellante”, asegurou Sandra Seara.

Cristina Pato dirixirá a cátedra de Cultura Española en Nova York

A artista ourensá Cristina Pato foi nomeada para ocupar o vindeiro curso a cátedra Juan Carlos I de Cultura e Civilización Española da Universidade de Nova York. Neste posto académico traballaron (desde 1983) Juan Goytisolo, Claudio Guillén, Francisco Ayala, Estrella de Diego e Antonio Muñoz Molina e hispanistas do talle de John Elliott e Raymond Carr. A satisfacción de Cristina é maior en canto que foi elixida por un grupo de profesores da propia institución e porque se trata “dunha posición no mundo académico que non garda relación directa coa música e que permitirá conectar diversos departamentos a través das artes”.

Cristina Pato xa ten colaborado estreitamente con universidades como a de Harvard e a de California. Pero na de Nova York centrará a súa actividade en poñer en marcha unha serie de conferencias, mesas redondas e eventos públicos que compaxinará cunha clase sobre as músicas invisibles do norte de España. “A metáfora da gaita é perfecta para conducir este proxecto: algo perfectamente visible para nós e perfectamente invisible para outros”, explica a intérprete ourensá.



A artista ourensá Cristina Pato.

Seguindo este fío, di, non só abordará o problema desde un punto de vista individual, senón tamén de xeito global.

Concerto de Primavera no Liceo

O Liceo Recreo Ourense visteuse de flores para darlle a benvida ao Concerto de Primavera que encheu de música o salón noble, organizado polo Orfeón Unión Ourense, do que é director Bieito Blanco, para acoller a outra das grandes corales de Galicia, a Coral Polifónica de Cordeiro de Valga (Pontevedra).

En palabras do presidente do Orfeón Unión Ourense Armando Lastra Miranda: “Unha honra contar con esta coral, co seu director Manuel López Castro e coa súa presidenta, Valentina Ferro Castaño, que tamén nos acompaña nesta viaxe pola música, aos que estou moi agradecido, por a súa achega”

Entre outras pezas interpre-



Coral Polifónica de Cordeiro de Valga.

taron “Viento del Norte”, obra composta por Sergio e Nando Agüeros González de Tanea, canción que está a converterse nun himno. Foron moi emotivas as palabras de Nando que o saber de esta interpretación sentiuse moi honrado de poder tamén intervir deste xeito neste festival.

O acto presentado por Marcos Pardo, escritor, presenta-

dor, cantante e compositor, tivo a súa achega poética na voz de Milucha Rodríguez González, que recitou entre outros un poema de Marcos. O acto rematou coa degustación de pinchos no Liceo, donde de xeito distendido as corales e o público fixeron un percorrido polas cantigas populares, facendo un remate de festa cheo de ledicia.

As palilleiras e a súa arte



Palilleiras traballando nas instalacións de Expourense.

A Asociación Miño de Ourense organizou un encontro ao que acudiron 250 palilleiras de encaixe de bolillos integrantes de asociacións da provincia. Segundo a presidenta, Lorrinda Fernández, “actividades coma esta son importantes para fomentar e

convivencia veciñal. Un bo xeito de dinamizar as relación entre a distintas asociacións co fin de fortalecer a unión para futuras reclamacións conxuntas como neste caso do encaixe de bolillos. Esta actividade foi seguida por moitos visitantes durante unha xornada.

Vivendas modulares para Sober

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda adxudicou o contrato para a construción de tres vivendas modulares no Concello lucense de Sober. A obra foi adxudicada á UTE: Construcciones Emi-Álvarez, S.L.- Consenor, S.L. por importe de 434.775 euros. O contrato comprende a redacción do proxecto, a fabricación das vivendas e o montaxe dos módulos no seu emprazamento definitivo. Os prazos previstos para a redacción do proxecto e construción das vivendas é de 8 meses. As vivendas contarán con tres dormitorios e dous baños, ademais de salón, cociña, tendedeiro, rocho e garaxe.

Con este programa búscase

un dobre obxectivo xa que, por un lado, a construción modular supón unha forma áxil de incrementar o parque de vivendas protexidas existente xa que reduce de forma notable os tempos de construción e pola outra, tamén representa a aposta da Xunta pola innovación en materia de edificación residencial. Unha vez redactado o proxecto construtivo e supervisado por parte do IGVS, o proceso de construción destas vivendas levarase a cabo na súa totalidade en fábrica. Deste xeito, o impacto no lugar elixido en Sober para a súa localización será mínimo, xa que a única obra requirida previa á montaxe e instalación destes inmobles será a execución dos cimentos.

Medalla de Ouro da provincia a Rodríguez Míguez, a título póstumo

A filla e a viúva do profesor e investigador Luís Rodríguez Míguez (que faleceu en 2016) recolleron a Medalla de Ouro desta provincia concedida a título póstumo. O presidente da Deputación Manuel Baltar Blanco definiu ao doutor Rodríguez Míguez como "o pai do termalismo contemporáneo". "O recoñecemento pon en valor as súas importantes achegas na investigación e promoción

termal e sobre as augas mineiro medicinais e o seu uso clínico", dixo Baltar.

Con relación ao termalismo o presidente do organismo provincial sostén que esta provincia: "ten un manancial de futuro non que todos estamos chamados a mergullarnos, e agora máis que nunca, a piques de experimentar a transformación máis importante que terá Ourense neste século XXI, a chegada da alta velo-

cidade".

Alejandra Juno Rodríguez, filla do homenaxeado que recibiu xunto á súa nai, Mariluz Villar, o recoñecemento póstumo a Luís Rodríguez, agradeceu a distinción "pola unanimidade non seu outorgamento e porque reconece o traballo do meu pai", e asegurou que "esta Medalla acredita os seus soños".

Luis Rodríguez foi un médico e investigador, nado en San-



Alejandra Juno, Mariluz Villar e Manuel Baltar.

tiago, que desenvolveu toda a súa actividade profesional na provincia de Ourense. A Deputación ourensá coa concesión desta distinción quere pór en valor as importantes achegas

de Rodríguez Míguez na investigación e promoción do termalismo contemporáneo, como precursor dos estudos sobre as augas mineiro medicinais e o seu uso clínico.

Rafa Vilar gaña o XVI Premio "Pura e Dora Vázquez" de Narración

O escritor coruñés Rafa Vilar (Cee, 1968), vén de gañar coa obra Os outros oficios (presentada baixo o lema "Clara Z"), o XVI premio de literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de narración, dotado con 1.500 euros, que convoca a Deputación de Ourense.

O xurado sinalou que a obra galardoada é "dun texto excepcional desde o punto de vista literario, con moito coitado da prosa e con relatos que amosan un gran coñecemento da lingua; unha obra con gran potencialidade para públicos moi amplos, de fácil e agradable lectura, ademais de ser didáctica".

Así mesmo, o xurado dixo que na obra Os outros oficios o autor fai "unha galería de retratos que mesturan ben o xogo imaxinativo e adáptase para ser ilustrada". En canto ás obras presentadas ao premio nesta edición, o xurado agradeceu "o traballo feito" por tódolos autores presentados ao certame.

O xurado da XVI edición



Membros do xurado.

do Premio "Pura e Dora Vázquez" de narración estivo presidido polo deputado provincial de Cultura, Manuel Doval, e integrado como vogais por José Manuel Fernández, Mario González, Carlos Rodríguez e Isabel Mociño, actuando como secretaria a xefa da sección de Publicacións da Deputación, Ana Malingre.

O autor

Rafa Vilar (Cee, 1968). Filólogo e escritor. Vinculado ao asociacionismo cultural de base, foi un dos promotores do Batallón Literario da Costa da Morte e mais da colección de poesía Letras de Cal. Tamén participou na creación da editora dixital Retagarda Edicións. Forma parte da Aso-

ciación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Como poeta, publicou unha dúzia de libros. Entre outros: A sotavento dunha singradura (1995); Casa ou sombra (1997, premio Cómaros Verdes); Días de sherazade (2000, premio concello de Carral); Escoración dos días (2007, premio Eusebio Lorenzo Baleirón); Migracións (2008, premio Cidade de Ourense); Erosións (2017, premio Victoriano Taibo); A cidade e a chuvia (2019, premio Selic Compostela). Así mesmo, como autor de poesía infantil publicou os libros Acuarelas (2009); Patente de curso (2012, premio Arume de poesía para nenos/as) e Animalario estrefalario (2013).

Adegas Docampo convoca unha nova edición do certame de fotografía



Beatriz Cabanelas recibiu o primeiro premio en 2018.

Adegas Docampo convocou unha nova edición – a vixésimoterceira –, do certame de fotografía "Viña do Campo". Poden participar todas aquelas persoas afeccionadas á fotografía, sendo o tema libre e abarcando todo o relacionado co viño e a súa contorna. Tal e como se recolle nas bases da convocatoria, as fotografías serán en cor ou branco e negro, cun tamaño máximo de 30 x 40 e mínimo de 24 x 30. Especificase que as fotos deberán ser orixinais e inéditas, non recibindo ningún outro premio. Cada concursante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías, debendo

remitilas en sobre pechado e con pseudónimo á dirección de Adegas Docampo en Sampaio (32414. Ribadavia). O prazo de presentación conclúe o próximo quince de setembro.

Os premios estipulados para esta edición son 2.100 €, 795 € e 350 € para o primeiro, segundo e terceiro galardoado, respectivamente. O xurado, que estará constituído por profesionais e especialistas, valorará as características técnicas, así como a creatividade dos traballos e o aspecto artístico-fotográfico. Coas mellores fotografías concursantes, Adegas Docampo organizará unha exposición pública.

Moncho Mariño

Carlos Meixide, escritor

“A adolescencia enfrenta a vida dunha maneira crúa, por iso é interesante”

Carlos Meixide é un artista polifacético, un xornalista-humorista ou un humorista con retrans (algo que ás veces é difícil). Un bo día decidiu porse a escribir no ordenador e despois, autoeditar os seus li-

bros. Baleirou o disco duro e foi presentando títulos con deseños, con nomes de illas, vilas e outros lugares. O certo é que a súa obra prolífica ten abraído e abraída a máis de un e unha. Será por pelas, será por libros?

-Tes varios libros de viaxes que algúns cualifican de novelas xuvenís, mais realmente son para todas as idades?

Si, son para todos os públicos mais protagonizadas por adolescentes. Son novelas que polas súas características están escritas desde un certo realismo, non se escatima ningún tipo de cuestión, son novelas que poden ler todos os públicos, diríache máis, teñen moito predicamento entre lectores e lectoras da terceira idade. Quizais por que ven lecturas amenas e evocadoras.

-Coa novela Ons que querías transmitir?

Foi a primeira das novelas. Era a idea de facer algo que encaixase nese xénero que era a historia para adolescentes. A adolescencia parécenos unha idade moi atractiva dentro da literatura, porque aínda que un adolescente deixou atrás a infancia, mais non é aínda un

adulto. Por iso enfrenta a vida dunha maneira crúa e violenta, a nivel literario é moi edificante. Era un xénero que sempre quixen facer. A idea naceu nunha conversa con rapaces nun instituto.

-Logo viñeron Cans e Guitiriz.

Cans, que foi a segunda, foi unha proposta de Alfonso Pato, quen levaba o programa Onda Curta da TVG, cando eu traballaba alí, que me dixo o de ambientar unha historia de rapaces no Festival de Cans. Ademais, coñecía ben ese festival e non me viña mal un estímulo para unha segunda parte da serie. Mesmo fixen unha especie de residencia en Cans para coñecer historias, personaxes para coñecer o lugar máis alá do que é o propio festival. Guitiriz ten que ver con que un dos personaxes é desta parte da Terra Cha, pois os rapaces representan uns a Galicia do mar, outros a do

interior e outros a urbana. Ademais teño un vínculo forte con Guitiriz e tamén o festival de Pardiñas ademais de ter bos amigos e amigas.

-Ingue e Robi foi un punto e á parte de todo este proceso literario sobre a adolescencia.

É unha novela que escribín case sen tempo, foi unha escrita pensando en público adulto. É unha historia onde eu quería experimentar o feito de contar varias historias nunha soa historia, saltar alegremente duns espazos a outros, foi realmente un xogo moi interesante.

-Por que che deu pola autoedición?

Porque foi unha cuestión persoal que nun momento dado de crise persoal e vocacional decidín reconstruír a miña vida, tamén no ámbito laboral facendo o que me gustaba, tentando ser dono dos meus procesos creativos. Investi-



gando cheguei á conclusión de que era a mellor maneira das posibles.

-Tamén es o editor de dous volumes de Vestiario do bestiario con Martiño Suárez. Que é esta serie?

Era unha sección do Dioivo, onde me encargaba de facer a sección de deporte, e Martiño sempre tivo moita erudición deportiva, ademais de gustarlle os deportes populares e sabía historias curiosas sobre deportistas. Nun momento dado,

cando Dioivo pasou a mellor vida, pois decidín que sería fermoso xuntar aquelas historias nun volume. Comenteillo a Martiño e o proxecto saíu para adiante e vai medrando.

-Volvendo á autoedición, faríaste “youtuber”?

Si, por que non? Non o descarto, mais cando un proba moitas cousas pode dispersarse, así que prefiro centrarme nunha cousa. Mais sobre formato televisivo andamos algúns colegas para sacar adiante un proxecto.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Feira do Alvarinho de Monção

De 5 a 7 de julho, no Parque das Caldas

A Feira do Alvarinho de Monção, certame destinado a promover aquele produto vínico singular e nobre da nossa região, realiza-se nos dias 5, 6 e 7 de julho, apresentando uma programação destinada a todos os públicos, complementada com provas de vinho, degustação de produtos locais e animação musical.

No Parque das Caldas, vai localizar-se uma tenda gigante com produtores de vinho Alvarinho (31), um palco e uma área para o DJ. No exterior, um espaço para tasquinhas/dogaria tradicional (20), patrocinadores oficiais (4) artesanato e instituições (15) e restaurantes (5).

Acrescentam-se dois locais

de venda de copos, uma área de recolha de informação, uma cafetaria, um posto médico, um espaço infantil, instalações sanitárias e o Espaço "Harmónias", onde decorrerão as sessões de harmonização de diferentes tipos de Alvarinho (tranquilo com madeira, colheita tardia, espumante e aguardente) com pratos e dogaria tradicional.


Num evento de sucesso que se renova de ano para ano, a abertura oficial da Feira do Alvarinho de Monção está marcada para as 10h30, abrindo espaço a três dias de promoção dos vinhos Alvarinho, gastronomia local e rentabilização económica dos expositores, comércio, hotelaria e restau-

ração do concelho.

Milhares de pessoas, de diferentes áreas geográficas de Portugal e Espanha, rumam à Terra de Deu-la-Deu Martins para "sentir" e "saborear" este certame. No último ano, no mesmo local, passaram pelo recinto da feira dezenas de milhares de pessoas, originando um significativo volume de negócio para o concelho de Monção.

Ao longo dos três dias, as tardes serão preenchidas com grupos de folclore e concertinas do nosso concelho. As noites iniciam-se com animação de rua (charangas), continuando, pela noite dentro, com DJ's conhecidos do grande público. No palco 2, junto à área de restauração, o programa compreende música ao vivo durante o almoço e jantar.

A primeira noite, é dedicada aos anos 80 com DJ Fino. A segunda, aos anos 90 com Dj Pika. O Sunset, a partir das 18h00 de domingo, tem assinatura do Dj Nuno Luz. Numa parceria com a Rádio Comercial, o programa "Já se faz tarde", com Diogo Beja e Joana Azevedo, é emitido em direto da Feira do Alvarinho de Monção.



A Feira do Alvarinho de Monção tem como finalidade reforçar a sua condição de instrumento estratégico para a promoção e comercialização daquele produto singular produzido em Monção e Melgaço, enaltecendo as suas características vinícolas ímpares e diferenciadoras e promovendo o estabelecimento de parcerias comerciais.

Assume-se ainda como um espaço de divulgação da atividade empresarial e associativa da região e como uma "montra"

para a dinamização do mundo rural através da apresentação, valorização e comercialização de produtos e artigos locais e regionais.

"A Feira do Alvarinho de Monção promete três dias de promoção do vinho Alvarinho e da gastronomia local, duas maravilhas de Portugal, proporcionando muita animação para todos os públicos. O melhor do nosso concelho está aqui. Convido-o(a) a visitar Monção e a brindar connosco num ambiente amigável e fantástico".

O Crochet Veste com Arte em Cerveira

A 13 de julho, a ancestral arte do crochet serve de inspiração para um espetáculo de luz, música e dança. De dois em dois anos, o desfile 'O Crochet Veste com Arte em Cerveira' faz a ligação entre esta arte secular, os trajes tradicionais minhotos e a



contemporaneidade de peças de vestuário minuciosamente elaboradas à mão.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
Promoción Especial
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall



cerramos los domingos